

RESTRICIÓN S DE NADAL

NOTA DA VIGAIRÍA DE PASTORAL (17-12-2020)

O DOG publicou novas restricións que entran en vigor hoxe, xoves 17 de decembro.

O ámbito eclesial non se ve afectado respecto da situación anterior. Queda así:

NIVEL MÁXIMO	NIVEL MEDIO-ALTO	NIVEL MEDIO	NIVEL BÁSICO
Baiona, Pontearreas, Redondela e Tui	A Guarda con: O Rosal e Tomiño. Vigo con: Gondomar, Mos, Nigrán e O Porriño.	Pontecaldelas e Soutomaior	A Cañiza A Lama, As Neves, Arbo, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mondariz, Mondariz-Balneario, Oia, Salceda de Caselas e Salvaterra.
<u>+ Actos de culto:</u> 1/3 do aforo.	<u>+ Actos de culto:</u> 1/3 do aforo.	<u>+ Actos de culto:</u> 1/3 do aforo.	<u>+ Actos de culto:</u> 50% do aforo.

Non hai cambios nas celebracións relixiosas de carácter social (vodas, funerais, bautizos...), nin en: enterros, velorios, festas, verbenas, catequese ou de conferencias e similares (encontros, reunións ou congresos)

Por outra banda:

- Hai que seguir mantendo as mesmas medidas de seguridade: distancia (1,5m.), uso obrigatorio da máscara, limpeza das mans con xel hidroalcohólico e desinfección do espazo despois de cada uso.
- Publicarase en lugar visible a capacidade máxima do templo.
- Non se utilizará o exterior dos edificios para a celebración de actos de culto.
- Débense ordenar e controlar as entradas e saídas para evitar aglomeracións.

Ademais:

As parroquias que celebren a Misa de Medioanoite (Misa do galo) teñan presente que o día 24 rexe o toque de queda desde a 1,30 da madrugada.

No caso de manter a Adoración do Neno hai que realizar un xesto que non implique bicar nin a tocar, por exemplo: facer o sinal da cruz diante da imaxe.

Convén que nas nosas igrexas sexamos responsables e exemplares no cumprimento das normas que nos indican as autoridades, e tamén debemos animar aos fieis a cumprilas; é un deber para coa saúde de todos.

Un cordial saúdo e Bo Nadal.